



Fonfría - Fonfría (Santa María Madanela) - A Fonsagrada, 1980-05

Informantes: Benjamín (65) e Herminio (50)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

I 275 / IV 711^e

O cura e maila criada
van ate-los cabritiños
a criada cai de cu
i o cura cai de fociños.

I 170 / IV 707^g

O cura e maila criada
terminaron de cocer
tiñan a leña no monte
i a fornada por moer.

I 156a / IV 754^b

Marcha o cura pro muíño
co chicado na cabeza
resbaláronlle as chancrelas
e caeu de cú na presa.

IV 756

O cura foi ó muíño
e caeu de cu na presa.
“Acudime aquí veciños,
quedoume a caralla presa.”

Miña mai que ben o fixo
aprenderme a costureira
ven a auga e non me molla
ven o sol e non me queima.